

## O INE cifra en máis de 6.100 as vivendas deshabitadas Compostela gravará os pisos baleiros e creará unha empresa urbanística pública

Redacción | Nós Diario

O Concello de Santiago ultima a petición de declaración de mercado residencial tensionado, que presentará á Xunta da Galiza xunto a un Plan de medidas correctoras redactado en base ás competencias municipais aplicábeis neste campo. Estas proxecto ten dúas liñas principais de actuación: optimizar o uso do parque residencial e ampliar a oferta de vivenda protexida.

O concelleiro de Urbanismo, Iago Lestegás, presentou onte as medidas que levará á segunda reunión da mesa sectorial, o 22 de maio, para, despois, realizar os últimos cambios sobre elas. A continuación, a solicitude deberá ser aprobada pola Xunta de Goberno local. Unha vez sexa remitida oficialmente á Xunta da Galiza,



Nós Diario

Iago Lestegás, onte.

za, esta terá entón seis meses para resolvela.

En canto á optimización do actual parque residencial, o Concello contempla impor un gravame fiscal ás vivendas baleiras con carácter permanente —que pode ser de entre 50% e 150%— e pretende seguir actuando so-

bre as vivendas de uso turístico (VUT), entre outras previsións. Unha medida que xa se aplica en territorios como Euskadi e que sería pioneira no país. Segundo datos do INE, en Compostela hai unhas 6.198 vivendas baleiras e até 23,2% do parque residencial está infrautilizado.

O plan contempla a creación dunha sociedade urbanística pública e a construción e rehabilitación de pisos municipais. Ademais, a declaración de zona tensionada permitirá á localidade acceder a fondos estatais, segundo contempla a lexislación. Con todo, o principal obxectivo de conseguir esta declaración é a limitación do prezo do aluguer.

Así, unha vez se declare a zona de mercado residencial tensionado, isto "tería como consecuencia autonómica o establecemento de medidas de contención de prezos", resumiu o concelleiro.



Clara Xanthina

Concentración, onte, diante da sede da Xunta, en Compostela.

Vivenda Xa! concentrouse en San Caetano

## Instan a Xunta a crear un banco público de vivenda

Redacción | Nós Diario

A Plataforma Galega Vivenda Xa! concentrouse onte en San Caetano (Compostela), sede central da Xunta da Galiza, onde fixo entrega por rexistro do seu documento con "medidas urxentes para garantir o dereito á vivenda para toda a cidadanía". "A día de hoxe a vivenda é un luxo para moitas, a posibilidade de comprar afástase cada vez máis e os alugueres afógannos, comendo cada vez máis porcentaxe do noso salario", sinalou Iria Nande, portavoz da plataforma. "Os prezos do aluguer soben de maneira desproporcionada, cada vez máis rápido, e isto resulta insostible", denunciou.

A plataforma sinala o Goberno galego como "principal responsable" da actual situación de crise de vivenda e da privación deste "dereito fundamental".

María Curra, outra das portavoces deste colectivo, manifestou que "a inacción do Goberno da Xunta do PP estanos levando a unha situación límite".

Entre as principais medidas que entregaron onte no rexistro da Xunta destacan a creación dun Banco Galego de Vivenda para aluguer social, a solicitude á Sareb da cesión das vivendas que ten dispoñíbeis en territorio galego para a súa inmediata posta a disposición en arrendamento social e a creación de hipotecas públicas con xuros taxados. Tamén propoñen a posta en marcha de liñas de axuda para a rehabilitación de vivendas con finalidade social e a declaración de zonas tensionadas.

"Hai alternativas e estamos a exixirlle ao Executivo galego que se deixe de propaganda e de anuncios ao aire e que actúe", incidiu Iria Nande.



Antonio Campos Romy, Luís Lamela e Beatriz Gómez, onte.

## Un libro pon nome aos rostros da represión

Redacción | Nós Diario

A Casa Museo Casares Quiroga, na Coruña, acolleu onte a presentación do libro *Golpistas e Represores. Retratos e memoria histórica de falanxistas galegos* (Laiovento), do historiador de Corcubión (comarca de Fisterra) Luís Lamela. O acto organizouno a Comisión pola recuperación da memoria histórica da Coruña (CRMH), que preside Carlos Babío. No libro, Lamela recupera "a memoria dos verdugos, a miúdo esquecidos fronte ás vítimas, e analiza a violencia paralegal, extorsións e abusos de poder" exercidos baixo o franquismo. Un traballo necesario, engade a editorial, "para entender un pasado histórico e a herdanza do franquismo na España actual". Lamela publicou en 2023 o ensaio *A loita dos perdedores. Razón e xénese da guerrilla antifranquista en Galiza*.

## Reclaman a incorporación de psicólogas no ensino

Redacción | Nós Diario

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia insistiu onte na demanda ao Goberno galego para que incorpore "de modo estrutural" a figura do psicólogo ou psicóloga educativa en todos os centros de ensino, como parte esencial do sistema educativo responsable de atender a saúde mental e o benestar psicolóxico do alumnado. Noutros países europeos, como Portugal, Dinamarca, Alemaña ou Suecia, hai anos que este perfil ten o seu espazo propio no sistema educativo, onde se atende o benestar psicolóxico como un elemento básico para unha aprendizaxe eficaz e integral da persoa, lembra o Colexio. A psicoloxía educativa promove a saúde psicolóxica desde a base, dentro da aula e no día a día do alumnado.

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |                                                          |                                                       |                  |                         |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------|------------------|-------------------------|
| Financiado por<br>la Unión Europea<br>NextGenerationEU                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | Plan de Recuperación,<br>Transformación<br>e Resiliencia | GOBERNACIÓN DE GALICIA                                | XUNTA DE GALICIA | Deputación<br>DA CORUÑA |
| SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |                                                          |                                                       |                  |                         |
| <b>ANUNCIO DE PROCEDEMENTO ABERTO</b><br><b>ELABORACIÓN E PROMOCIÓN DUN MAPA VIRTUAL CON RECURSOS VINCULADOS AO TURISMO GASTRONÓMICO DO TERRITORIO, FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA-FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEANEXT GENERATIONEU (COMPONENTE 14 INVERSIÓN 1) PSTD VÍA VERDE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE (E3.A12).</b><br><b>EXPEDIENTE PCO.001.2024.00851</b>                                            |                                                          |                                                       |                  |                         |
| <b>Prazo de execución:</b> 4 meses<br><b>Presuposto IVE incluído:</b> 36.058,00 €<br><b>Información:</b> Servizo de Patrimonio e Contratación. Perfil do contratante na Plataforma de Contratación do Sector Público en <a href="https://contrataciondelestado.es">https://contrataciondelestado.es</a><br><b>Proposicións:</b> Poderán presentarse na Plataforma de Contratación do Sector Público até o día <b>22 de maio de 2025</b> ás 23:59 horas |                                                          |                                                       |                  |                         |
| <b>O PRESIDENTE</b><br>Valentín González Formoso                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |                                                          | <b>O SECRETARIO XERAL</b><br>Miguel Iglesias Martínez |                  |                         |